

Convenio e obxecto	Data da sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña para a realización do proxecto de investigación Plan nacional de acuicultura integrada experiencia piloto para o desenvolvemento de sistemas de cultivo multitróficos.	6-7-2010	14.675,22
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asemblea da Comunidade Autónoma de Galicia da Cruz Vermella española para colaborar en materia de pesca e salvamento marítimo.	13-7-2010	60.000,00
Prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia para o apoio na emisión dos documentos telemáticos, para o control da rastrexabilidade, aos produtores non asociados e aos asociados de aquelas asociacións que aínda non se incorporaron ao sistema telemático.	13-7-2010	45.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, para a canalización de propostas normativas, análise, debate e alegacións aos borradores da modificación das normativas relativas ás confrarías de pescadores, regulamentación dos permisos de explotación, alternancia de artes e regulamentación da pesca deportiva.	19-7-2010	220.000,00
Segunda addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e as confrarías de Ferrol e Barallobre para a recuperación da Ría de Ferrol (bancos intermareais).	20-7-2010	150.713,38
Protocolo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (Anfaco-Cecopesca) para o desenvolvemento e a promoción das conservas de produtos pesqueiros.	2-8-2010	Sen achega económica
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e Televisión de Galicia, S.A. para a realización dunha serie de programas sobre o sector pesqueiro e igualmente a difusión de informacións diarias sobre a actualidade do sector.	3-8-2010	149.000,00
Protocolo de colaboración entre a Consellería do Mar e o organismo autónomo Augas de Galicia, a Asociación Agacom, e as empresas Ameixa de Carril, S.L., Bateamar, S.L., Cocedero Barrañamar, S.L., Cocedero Suárez, S.L., Mejillones Nidal, S.L., Mejillones Ría de Arosa, S.L., Paquito, S.L., Pescadona, S.L. e Pescados Marcelino, S.L., para a consecución dunha redución da carga contaminante das augas residuais provenientes do proceso de cocción industrial de mexillón.	9-8-2010	Sen achega económica
Acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción de pantaláns flotantes na dársena de Oza para servizo do sector da pesca artesanal no porto da Coruña.	26-8-2010	339.645,79
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a confraría de Barallobre para a recuperación dos bancos intermareais (marisqueo a pé).	30-8-2010	301.426,75
Segunda addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e as confrarías de Ferrol e Barallobre para a recuperación da Ría de Ferrol (bancos submareais).	30-8-2010	2.918.249,50
Segunda addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros.	30-8-2010	146.201,06
Segunda addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Mugardos para a recuperación dos bancos intermareais.	30-8-2010	161.569,85
Segunda addenda pola que se prorroga o Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e confraría de pescadores de Baiona para a realización do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais na Foz do Miño.	30-8-2010	73.440,84
Segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Agrupación de Interese Económico "Lonxa de Campelo" para a realización do proxecto de estabilización produtiva da Ría de Pontevedra.	30-8-2010	581.504,00
Terceira addenda pola que se prorroga o Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a confraría de pescadores de Pontedeume para mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros.	30-8-2010	118.101,95

Convenio e obxecto	Data da sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e as asociacións de produtores pesqueiros e acuícolas para o desenvolvemento dun programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos entre o alumnado de centros docentes públicos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.	25-8-2010	112.100,00 Ano 2010 35.400,00 Ano 2011 76.700,00

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 29 de xuño de 2010, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia); e convocar para 2010 o dito réxime de axudas en concorrencia non competitiva.

Segundo.-O prazo para a presentación de solicitudes comezará aos sete días naturais desde a publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte) e rematará o 15 de decembro de 2010.

No caso de esgotamento do crédito o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro.-Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polo seguinte importe:

Partida orzamentaria	2010
02.02-E/4/10/05-656	2.000.000 de €

O director xeral do Igape poderá ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Así mesmo, non se poderán outorgar axudas por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Quinto.-Publicar o convenio de colaboración para as axudas a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), ao que se deben adherir as entidades colaboradoras.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras das axudas a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia)

A cadea industrial da madeira é un dos sectores estratéxicos en Galicia seriamente afectada negativamente polos efectos da crise a nivel global. A tendencia á alza dos últimos anos na corta de madeira en Galicia rómpese no 2009, cun descenso do 22% que as sitúa en niveis semellantes ao 2003; no que se refire á primeira transformación da madeira a facturación cae nun 31%, cunha caída estimada do emprego de arredor do 15%. No caso da carpintaría e mobiliario a facturación de 2009 caeu nun 22% respecto ao 2008, do que xa se arrastraba unha caída dun 12% respecto ao ano anterior.

En conxunto o sector da madeira facturou en 2009 un 28% menos que o ano anterior, polo que cómpre adoptar diferentes medidas de impulso e estímulo no sector no seu conxunto.

A Consellería de Economía e Industria, á vista do éxito que no eido da automoción tivo durante o ano 2009 a medida de incentivos á compra con achataemento de vehículos, Plan Re-móvet, de acordo cos representantes dos establecementos de venda de mobiliario en Galicia, considera conveniente establecer un incentivo temporal á demanda para a

adquisición de mobiliario e, tendo en conta que dentro do mobiliario son os mobles de madeira para o fogar e os colchóns os bens que, indirectamente, puidesen ter unha incidencia positiva no sector estratéxico industrial de fabricación producida en Galicia, pon en marcha o programa de axudas e incentivos Plan Remóblate Galicia para o ano 2010.

As convocatorias desta liña de axudas serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. As ditas convocatorias incluírán o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Polo seu obxecto e finalidade e por non corresponder avaliación ningunha das solicitudes, senón a mera comprobación dos requisitos dos beneficiarios, as axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concorrencia non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A preparación e presentación por parte da entidade colaboradora de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes.

Artigo 1º.-Obxecto.

Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación dunha liña de axudas a fondo perdido para incentivar a demanda de mobles de madeira para o fogar e colchóns, para persoas físicas.

O Igape publicará na súa páxina web www.igape.es/remoblade a relación actualizada en todo momento dos establecementos de venda colaboradores para a xestión deste programa e dos fabricantes adheridos a el.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

2.1. O Igape poderá conceder axudas a fondo perdido para a adquisición de mobiliario de madeira para o fogar e colchóns aos seguintes beneficiarios: persoas físicas maiores de 18 anos que adquiren un ben obxecto de axudas nun establecemento de venda de mobles ou colchóns situado en Galicia e pertencente a unha peme, incluídos traballadores autónomos, que sexa entidade colaboradora do Plan Remóblate Galicia.

2.2. Os beneficiarios terán que estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e, en xeral, cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións; aínda que estarán exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social en virtude do establecido no artigo 48 letras i) e l) da Lei 9/2009, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

Artigo 3º.-Condicións das operacións subvencionadas.

3.1. Serán subvencionables as operacións de compra de mobles de madeira para o fogar ou colchóns realizadas nunha entidade colaboradora, establecemento de venda, e fabricados por unha empresa de

fabricación adherida, formalizadas desde a entrada en vigor destas bases e ata o 15 de decembro de 2010 ou, en todo caso, ata o esgotamento do orzamento asignado, do que se dará publicidade no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, que cumpran as seguintes condicións:

a) Adquirir un ou varios bens obxecto de subvención nalgunha das entidades colaboradoras, establecementos de venda, adheridas a esta iniciativa.

b) Para ser subvencionable unha operación de compra deberá acadar un custo mínimo de 600 € (excluíndo impostos).

c) A subvención máxima que deberá percibir a persoa física será de 280 € nunha ou varias operacións.

d) Os establecementos de venda deberán identificar claramente os mobles e colchóns susceptibles de axuda conforme o establecido nestas bases, posto que unicamente serán susceptibles de axuda os bens en que o seu fabricante se adhira ao programa, segundo o estipulado no artigo 8º destas bases.

3.2. Os bens subvencionables non poderán ser adquiridos polos beneficiarios previamente a que a entidade colaboradora obteña a autorización do Igape para realizar a operación, segundo o estipulado no artigo 10º destas bases.

3.3. O Igape autorizará as operacións indicadas polas entidades colaboradoras, mentras exista crédito dispoñible para a operación introducida no sistema de tramitación e advertindo, se é o caso, do seu esgotamento, caso en que se impedirá a introdución da operación no sistema informático, quedando así a entidade colaboradora informada en tempo real da imposibilidade de seguir propoñendo aos seus clientes operacións subvencionables polo Plan Remóblate, despois de consumido o crédito disposto polo Igape para o programa.

Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

4.1. As axudas serán as seguintes:

a) Axuda outorgada polo Igape: un 7% sobre o custo dos bens, impostos excluídos, e antes do desconto requirido na seguinte letra b), cun máximo acumulado de subvención de 280 € por persoa física.

b) Desconto conxunto realizado polo establecemento de venda (entidade colaboradora do programa) e polo fabricante adherido: un 8% sobre o custo dos bens, impostos excluídos e antes da axuda establecida na letra a) anterior. A axuda do Igape condiciónase a este desconto realizado conxuntamente polo establecemento de venda e o fabricante.

Polo tanto, a axuda resultante para o comprador dos bens obxecto de axuda será do 15%, mediante o desconto e a subvención á compra, sen prexuízo de calquera desconto adicional que se puidese obter por políticas concretas de venda ou promocións dos establecementos ou fabricantes.

4.2. No caso de que algún organismo ou institución achegase unha cantidade adicional para o mesmo

plan, esta sería compatible coas axudas aquí establecidas, coa condición de que a axuda acumulada non supere o custo total do/s ben/s que se van adquirir.

Artigo 5º.-*Compatibilidade coa normativa europea.*

A liña de axudas prevista nestas bases, dirixidas a persoas físicas, outorgaranse como axudas de carácter social concedidas a consumidores individuais, e son compatibles co mercado común segundo o artigo 107 do Tratado constitutivo da UE.

Artigo 6º.-*Entidades colaboradoras.*

6.1. Poderán ser entidades colaboradoras do Igape nestas axudas os establecementos de venda de mobiliario de madeira para o fogar ou colchóns, pertencentes a unha peme con personalidade xurídica propia, incluídos traballadores autónomos, con centro de actividade do establecemento en Galicia e que teñan alta censual nalgúnha das seguintes epígrafes do IAE:

6531 Comercio retalista de mobles, agás oficinas.

6539 Comercio retalista doutros artigos para o equipamento do fogar n.c.o.p.

6.2. De acordo coas condicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas entidades en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Ter solicitada a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.

e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos establecidos regulamentariamente.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos establecidos regulamentariamente.

h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

6.3. Procedemento de adhesión das entidades colaboradoras:

Os establecementos de venda de mobles de madeira para o fogar ou colchóns, localizados en Galicia e pertencentes a unha pequena ou mediana empresa, incluídos os traballadores autónomos, que non incumpran ningún dos supostos previstos no punto anterior, poderán converterse en entidades colaboradoras do Igape polo seguinte procedemento:

a) O representante legal da entidade deberá cubrir o formulario destinado para tal fin (procedemento IG182) no enderezo www.tramita.igape.es no espazo denominado Formalización de cuestionarios. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou do número de teléfono 981 95 35 66. Nesta aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telematicamente e asinar electronicamente as solicitudes de axuda. Para poder realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificadoras das admitidas pola Consellería de Facenda (consultar en www.tramita.igape.es).

b) Deberá presentar nalgunha oficina de rexistro do Igape a solicitude xerada pola aplicación antedita (anexo I das bases reguladoras) incluíndo un código IDE de 40 díxitos que a identificará. Neste caso non estará habilitado o Rexistro Telemático da Xunta.

c) A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

a. No caso de sociedades:

i. Copia da escritura de constitución e estatutos, se é o caso, e das posteriores modificacións.

ii. Copia do poder de representación.

b. Orixinal do certificado de conta bancaria en que se realizarán os ingresos do Igape para a entidade.

Todas as copias dos documentos referidos nos parágrafos precedentes achegaranse debidamente cotexadas.

d) A remisión da solicitude comportaralle a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria (certificación de estar ao día de débedas tributarias e certificación de actividades económicas), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlles requiridos ao interesado. A remisión da solicitude tamén autoriza ao órgano xestor para acceder ao sistema de verificación de datos de identidade e residencia, co fin de evitar a achega do DNI

do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

e) O Igape aceptará as solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos.

6.4. Os establecementos de venda de mobiliario de madeira para o fogar ou colchóns, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 6.1º, e non estean incurso en ningunha das circunstancias sinaladas no artigo 6.2º, consideraranse suficientemente solventes como entidade colaboradora, para os efectos establecidos nos artigos 9.2º e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-Obrigas das entidades colaboradoras.

As entidades colaboradoras adheridas:

a) Divulgarán ante os seus clientes a liña de axudas do Igape e darán información fidedigna dos bens subvencionables, os fabricantes adheridos e as porcentaxes de rebaixa sobre o prezo dos produtos.

b) Tramitarán ante o Igape, por conta do beneficiario, as solicitudes de axuda para operacións de compra dos bens subvencionables. A tramitación destas solicitudes será unicamente telemática, para o que é necesaria a sinatura dixital das persoas para tal efecto designadas.

c) Comunicaranlles aos solicitantes a data en que as operacións foron autorizadas polo Igape, o número único identificativo (NUI) e o prazo máximo establecido para a realización da operación.

d) Anticiparán mediante desconto en factura a axuda do Igape e reflectirán nas facturas dos bens obxecto de subvención os descontos requiridos por esta normativa, que deben detallar, polo menos, un desconto do 7% correspondente á axuda do Igape e un desconto do 8% correspondente ao desconto conxunto vendedor/fabricante, ambos os dous aplicados sobre o prezo dos bens, antes de impostos.

e) Recibirán e custodiarán durante o prazo de catro anos desde a finalización dos expedientes a documentación correspondente ás operacións realizadas, da que remitirán copia dixitalizada ao Igape para proceder ao cobramento das axudas, segundo o previsto no artigo 11º.

f) Deberán darlle publicidade á iniciativa mediante a colocación de carteis indicativos e visibles nos establecementos, onde consten con notoriedade os logotipos da Consellería de Economía e Industria e do Igape.

g) Demandarán a solicitude de adhesión dos fabricantes dispostos a participar no programa, remitirana telematicamente ao Igape e rexistrarana.

Así mesmo, e sen prexuízo do establecido nos parágrafos precedentes, as entidades colaboradoras quedan obrigadas ao cumprimento do establecido no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-Adhesión de fabricantes.

As empresas de fabricación de mobles de madeira para o fogar ou colchóns que se queiran adherir a esta iniciativa, calquera que sexa o seu tamaño e domicilio social, deberán asinar o compromiso de asunción de rebaixa do 5% sobre o prezo de subministración ao establecemento de venda, que se inclúe no modelo de carta de adhesión, nos mobles que poidan ser adquiridos baixo a operativa deste Plan Remóblate. Para iso deberán adherirse polo seguinte procedemento:

a) O representante legal da entidade deberá cubrir e asinar o modelo de carta destinado para tal fin (anexo IV das bases reguladoras), que tamén poderá obter en www.igape.es/remobla.

b) Deberá entregalo en calquera rexistro público, nas oficinas do Igape ou ben acudir a calquera establecemento de venda que sexa entidade colaboradora do Plan Remóblate para que o rexistre; neste caso, a entidade colaboradora custodiará o orixinal e remitirá telematicamente ao Igape copia dixitalizada.

c) No caso de renunciar á adhesión deberán remitir ó Igape unha carta de renuncia expresa á súa adhesión, conservando o comprador, nas operacións autorizadas anteriormente á dita renuncia, o dereito a percibir o 8% do desconto conxunto.

Artigo 9º.-Consentimentos e autorizacións.

9.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

9.2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

9.3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade colaboradora do Igape, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

9.4. A presentación da solicitude polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. Non obstante o anterior, están exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social os beneficiarios das subvencións establecidos no artigo 48 letras i) e l) da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

9.5. No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de emisión do certificado telemático, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

9.6. A presentación da solicitude tamén autoriza o órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

Artigo 10º.-Tramitación.

10.1. Os potenciais beneficiarios que decidan acollerse á liña de axudas, unha vez tomada a decisión de adquisición de mobiliario ou colchóns coas condicións establecidas no artigo 3º, deberán dirixirse a unha entidade colaboradora para que lles preste apoio na formalización do formulario de solicitude de axuda (anexo II das bases reguladoras). A dita solicitude conterá a autorización para a tramitación da axuda pola entidade colaboradora en nome do solicitante ante o Igape; será asinada polo solicitante e custodiada pola entidade colaboradora, quen a tramitará ante o Igape en nome do solicitante.

10.2. As entidades colaboradoras, antes de pechar calquera operación ao abeiro destas bases, deberán solicitar a autorización do Igape, mediante a introdución telemática do formulario previsto para tal fin no espazo web www.tramita.igape.es. No dito formulario deberán constar os datos detallados da operación e do beneficiario.

10.3. A autorización emitida equivalerá á asunción de existencia de crédito axeitado e suficiente para subvencionar a operación, pero a adecuación ás con-

dicións establecidas para a súa subvencionabilidade así como a veracidade dos datos introducidos pola entidade colaboradora só serán comprobados polos servizos técnicos do Igape antes de ditar resolución de concesión da subvención, unha vez remitida a solicitude de axuda e presentada a documentación correspondente á operación para proceder ao seu cobramento. Unha vez autorizada a operación asignaráselle o número único identificativo (NUI).

Artigo 11º.-*Resolución e aboamento da subvención.*

11.1. Unha vez introducida a operación e obtida a autorización do Igape respecto á súa subvencionabilidade, as entidades colaboradoras poderán formalizar a venda cos beneficiarios.

Unha vez facturada a operación, as entidades colaboradoras terán que presentar no Igape a solicitude de axuda xunto coa solicitude de cobramento da devandita antes de que transcorra o prazo de catro meses contados a partir da data de autorización da operación polo Igape. O transcurso do dito prazo sen a presentación da solicitude de axuda e a solicitude de cobramento implicará a perda da reserva de crédito autorizada e a imposibilidade de solicitar axuda para esa operación.

11.2. Para presentar a solicitude a entidade colaboradora deberá cubrir previamente un cuestionario a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, no cal deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente este cuestionario. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

A remisión da solicitude do interesado ao Igape e a presentación da solicitude de cobramento farase obrigatoriamente de xeito telemático, mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo III a estas bases, no cal será obrigatorio incluír os 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación, logo de requirimento de subsanación realizado para o efecto.

A entidade colaboradora presentará esta instancia normalizada, co IDE asignado electronicamente, no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. A aplicación de xeración de cuestionarios permitirá xuntar os documentos e remitilos electronicamente.

11.3. A citada instancia terá que ir acompañada de copias dixitais da seguinte documentación protexidas electronicamente de xeito que a entidade colaboradora declare de forma responsable que corresponde co orixinal e non foron modificadas desde a súa dixitalización.

-Solicitude de axuda asinada polo comprador (anexo II das bases reguladoras).

-Factura detallada dos bens adquiridos con identificación do fabricante de cada un deles, en que consten os distintos descontos efectuados, entre eles a subvención do Igape.

-Copia do DNI do beneficiario da operación.

Se a instancia non viñese acompañada da documentación arriba citada, requirirase a entidade colaboradora para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos, con indicación de que en caso contrario terase por desistida da solicitude, procedéndose ao arquivo do expediente. No caso de que a solicitude sexa arquivada debido a que a entidade colaboradora non cumpriu diligentemente as súas obrigas de comprobación e tramitación, será da súa exclusiva responsabilidade a recuperación do desconto equivalente ao importe da axuda aplicado ao comprador.

As entidades colaboradoras custodiarán a documentación xustificativa á disposición do Igape e dos órganos de control da Comunidade Autónoma de Galicia ata o vencemento do prazo de prescrición establecido no artigo 35 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

11.4. Unha vez comprobada a documentación, a Dirección de Área de Financiamento do Igape elevará a proposta de resolución á Dirección Xeral do Instituto, que resolverá a concesión ou denegación de cada axuda, por delegación do Consello de Dirección do Igape. O procedemento de concesión resolverase no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución. O procedemento e contido da resolución axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

A dita resolución seralle notificada telematicamente á entidade colaboradora, para o que deberá conectarse ao enderezo web www.tramita.igape.es no apartado Notificación telemática.

O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de dous meses desde a remisión da solicitude do comprador e presentación da solicitude de cobramento. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditada e notificada a resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

A resolución dos expediente instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotará a vía administrativa. O interesado, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer contra ela o recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución se fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución, recurso de reposición, que resolverá o mesmo órgano que ditou o acto administrativo impugnado se fose expresa, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Segundo as operacións que resulten aprobadas, o Igape aboaralle á entidade colaboradora o importe correspondente ao conxunto de operacións presentadas pola entidade e aprobadas polo Igape, nun prazo medio de 30 días desde a presentación da solicitude de cobramento para expedientes sin incidencias, na conta que sexa especificada por ela, mediante certificación bancaria expedida para tal fin, quedará constancia nos seus rexistros contables de acordo co establecido no artigo 13.2º j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11.5. Calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e os datos da operación autorizada que afecte as condicións de subvencionabilidade ou contía das axudas poderá dar lugar a incoar un trámite de audiencia coa entidade colaboradora, que de ser o caso, poderá supoñer a denegación da subvención prevista.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución.*

A obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nestas bases poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13º.-*Reintegros, incumprimentos e sancións.*

13.1. Serán causas de revogación e reintegro da subvención as establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e título V do regulamento, sendo competente para a resolución do mesmo o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

13.2. As cantidades que hai que reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

13.3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

13.4. Se no procedemento de reintegro quedase acreditada a infracción grave destas bases pola entidade colaboradora, o Igape poderá resolver a revoga-

ción da súa colaboración e o reintegro das cantidades aboadas polo Igape por conta dos beneficiarios. A existencia de reintegro aos beneficiarios procederá nos supostos en que concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Publicación.*

14.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

14.2. Tendo en conta a contía máxima da axuda e de acordo co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

Artigo 15º.-*Control.*

Os beneficiarios das axudas e as entidades colaboradoras quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás que poidan efectuar os órganos competentes da Unión Europea, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases.

Artigo 16º.-*Interpretación.*

Corresponde ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das normas de tramitación previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Artigo 17º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



ANEXO I



PROCEDEMENTO ADHESIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA AS AXUDAS A PARTICULARES PARA A COMPRA DE MOBLES DE MADEIRA PARA O FOGAR E COLCHÓNS (PLAN "REMÓBLATE GALICIA")	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IG516C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
			FAX

SOLICITUDE PARA

IG182: ADHESIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA AO PLAN "REMÓBLATE GALICIA"

Debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente ao Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.
- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.
- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente (CIF, IAE).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.</i>
SINATURA E SELO DO/DA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL _____ de _____ de _____

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN SELO DE REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO DE EXPEDIENTE _____

Director xeral do Igape



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO II



SOLICITUDE ASINADA POLO COMPRADOR QUE DEBE CUSTODIAR A ENTIDADE COLABORADORA

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DO IGAPE A PARTICULARES PARA A COMPRA DE MOBLES DE MADEIRA PARA O FOGAR E COLCHÓNS (PLAN REMÓBLATE GALICIA)	IG516C	SOLICITUDE

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI	
[]		[]	
ENDEREZO		CORREO ELECTRÓNICO	
[]		[]	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
			FAX
			[]
			CÓDIGO POSTAL
			[]

SOLICITUDE PARA

<input type="checkbox"/> IG183: AXUDAS DO IGAPE A PARTICULARES PARA A COMPRA DE MOBLES DE MADERIA PARA O FOGAR E COLCHÓNS (PLAN REMÓBLATE GALICIA)	
NÚMERO ÚNICO IDENTIFICATIVO (NUI)	
[]	
IMPORTE DO/S BEN/S QUE SE VAN ADQUIRIR (IMPOSTOS EXCLUÍDOS)	
[]	
ESTABLECEMENTO DE VENDA	FABRICANTE/S
[]	[]

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. O particular ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente ao Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de acordo co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos.

- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

O SOLICITANTE:

- Declara ter un compromiso firme de adquisición do/s ben/s coa entidade colaboradora.
- Declara que os datos consignados na solicitude e no cuestionario na internet son certos.
- Apodera ao representante da entidade colaboradora para tramitar no seu nome a axuda ante o Igape.
- Declara atoparse ao día nas súas obrigas fiscais, no pagamento das cotas á Seguridade Social e non ter contraída débeda algunha coa Comunidade Autónoma galega.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA E SELO DO/DA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL

, de de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO III



**DOCUMENTO DE REMISIÓN DA SOLICITUDE DO INTERESADO AO IGAPE E
SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA AXUDA**

PROCEDEMENTO AXUDAS DO IGAPE A PARTICULARES PARA A COMPRA DE MOBLES DE MADEIRA PARA O FOGAR E COLCHÓNS (PLAN REMÓBLATE GALICIA)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IG516C	DOCUMENTO REMISIÓN DE SOLICITUDE
---	---	--

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE		DNI	
DOMICILIO POSTAL PARTICULAR		CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
			FAX

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA

RAZÓN SOCIAL	CIF / NIF
NOME E APELIDOS DA PERSOA AUTORIZADA POLA ENTIDADE COLABORADORA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE POR CONTA DO SOLICITANTE (*)	DNI

(*) A PERSOA AUTORIZADA QUE SE CITA É A QUE DEBE ASINAR ELECTRÓNICAMENTE ESTA SOLICITUDE

REMISIÓN DA SOLICITUDE DO INTERESADO E SOLICITUDE DE COBRAMENTO PARA

IG183: AXUDAS DO IGAPE A PARTICULARES PARA A COMPRA DE MOBLES DE MADERIA PARA O FOGAR E COLCHÓNS (PLAN REMÓBLATE GALICIA)

Debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

A entidade colaboradora declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

NÚMERO ÚNICO IDENTIFICATIVO (NUI)	DATA AUTORIZACIÓN OPERACIÓN
-----------------------------------	-----------------------------

Don/Dona _____ con DNI nº _____, actuando no nome e representación da entidade colaboradora _____, que foi autorizada para a tramitación polo titular do expediente de axuda arriba mencionado:

EXPÓN:
Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subsidiación e de acordo co disposto no artigo 10º das bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), incluíu electronicamente xunto a esta solicitude a documentación requirida nas bases reguladoras.

E, por todo iso,

SOLICITA:
Que, de acordo coa xustificación achegada, lle sexa aboada na conta bancaria establecida para estes efectos a axuda de _____ segundo o establecido no artigo 4 das bases reguladoras.

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A entidade colaboradora declara:

- Que formalizou co solicitante da axuda unha operación de venda do/s ben/s, segundo se describe no documento electrónico que se asocia a esta solicitude mediante o IDE consignado no apartado anterior.
- Que comprobou que a dita operación é conforme ás condicións establecidas no Plan Remóblate Galicia e recompilou a documentación que así o demostra segundo o establecido nas bases do plan.
- Que informou ao solicitante da axuda dos termos desta, e que mantén a disposición do Igape o cuestionario de descrición da operación e a solicitude asinada (modelo do anexo II) onde se apodera á entidade colaboradora para a tramitación ante o Igape.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.</i>	ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN
SINATURA E SELO DO/DA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL	SELO DE REXISTRO DE ENTRADA
_____, de _____ de _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____

Director xeral do Igape



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO IV



CARTA DE ADHESIÓN

Axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME DO FABRICANTE			CIF / NIF		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL (se é o caso)			DNI		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

Don/Dona con DNI nº ,
actuando no nome e representación da entidade arriba mencionada

EXPÓN:

- Que coñece as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns, e que ten interese en participar no Plan Remóblate.

- Que se compromete a asumir a rebaxa do 5% sobre o prezo da subministración ao establecemento de venda nos mobles que sexan adquiridos baixo a operativa do Plan Remóblate, de acordo co establecido no artigo 8 das bases reguladoras.

E, por todo iso,

SOLICITA:

Adherirse ás bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia).

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. O solicitante AUTORIZA expresamente ao Igape para ceder os datos de carácter persoal incluídos nesta solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.</i>	ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN SELO DE REXISTRO DE ENTRADA
SINATURA E SELO DO/DA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL _____, de _____ de _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____

Director xeral do Igape



ANEXO V



CARTA DE RENUNCIA
Axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME DO FABRICANTE		CIF / NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL (se é o caso)			DNI
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
			FAX
			<input type="text"/>

Don/Dona con DNI nº ,
 actuando en nome e representación da entidade arriba mencionada

SOLICITA a **RENUNCIA** á adhesión ás bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), de acordo co establecido no artigo 8º das bases reguladoras da axuda.

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. O solicitante AUTORIZA expresamente ao Igape para ceder os datos de carácter persoal incluídos nesta solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que lle se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA E SELO DO/DA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL

_____, de _____ de _____

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN

SELO DE REXISTRO DE ENTRADA

NÚMERO DE EXPEDIENTE _____

Director xeral do Igape

Convenio de colaboración para as axudas a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia)

A cadea industrial da madeira é un dos sectores estratéxicos en Galicia seriamente afectada negativamente polos efectos da crise a nivel global. A tendencia á alza dos últimos anos na corta de madeira en Galicia rómpeuse no 2009, cun descenso do 22% que a sitúa en niveis semellantes ao 2003; no que se refire á primeira transformación da madeira a facturación cae nun 31%, cunha caída estimada do

emprego de arredor do 15%. No caso da carpintaría e mobiliario a facturación de 2009 caeu nun 22% respecto ao 2008, do que xa se arrastraba unha caída dun 12% respecto ao ano anterior.

En conxunto o sector da madeira facturou en 2009 un 28% menos que o ano anterior, polo que compre adoptar diferentes medidas de impulso e estímulo no sector no seu conxunto.

A Consellería de Economía e Industria, á vista do éxito que no eido da automoción tivo durante o ano 2009 a medida de incentivos á compra con achata-

rramento de vehículos, Plan Re-móvete, de acordo cos representantes dos establecementos de venda de mobiliario en Galicia, considera conveniente establecer un incentivo temporal á demanda para a adquisición de mobiliario e, tendo en conta que dentro do mobiliario son os mobles de madeira para o fogar e os colchóns os bens que, indirectamente, puidesen ter unha incidencia positiva no sector estratéxico industrial de fabricación producida en Galicia, pon en marcha o programa de axudas e incentivos Plan Remóblate Galicia para o ano 2010.

Nesta liña, convócanse axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades colaboradoras adheridas.

Cláusulas

Cláusula 1ª.-Obxecto.

Este convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade colaboradora e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), coa finalidade de establecer unha liña de axudas a fondo perdido para incentivar a demanda de mobles de madeira para o fogar e colchóns, para persoas físicas.

Cláusula 2ª.-Condições das axudas, axuda do Igape e procedemento de tramitación.

As condicións das operacións de compravenda de mobles para o fogar ou colchóns, os requisitos dos beneficiarios, a axuda do Igape e o procedemento de tramitación das solicitudes, aboamento da subvención, modificacións, incumprimentos e reintegros, establécense nas bases reguladoras da axuda que se anexan a este convenio e que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*.

Cláusula 3ª.-Requisitos das entidades colaboradoras.

3.1. Poderán ser entidades colaboradoras do Igape nestas axudas os establecementos de venda de mobiliario de madeira para o fogar ou colchóns, pertencentes a unha peme con personalidade xurídica propia, incluídos traballadores autónomos, con centro de actividade do establecemento en Galicia e que teñan alta censual nalgunha das seguintes epígrafes do IAE:

6531 Comercio retalista de mobles, agás oficinas.

6539 Comercio retalista doutros artigos para o equipamento do fogar n.c.o.p.

3.2. Non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas entidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as cales se citan no artigo 6º.2 das bases reguladoras da axuda.

Cláusula 4ª.-Compromisos dos partícipes do convenio.

4.1. As entidades colaboradoras adheridas comprométense a:

a) Divulgar ante os seus clientes a liña de axudas do Igape e dar información fidedigna dos bens sub-

vencionables, os fabricantes adheridos e as porcentaxes de rebaixa sobre o prezo dos produtos.

b) Tramitar ante o Igape, por conta do beneficiario, as solicitudes de axuda para operacións de compra dos bens subvencionables. A tramitación destas solicitudes será unicamente telemática, para o que é necesaria a sinatura dixital das persoas para tal efecto designadas.

c) Comunicarlles aos solicitantes a data en que as operacións foron autorizadas polo Igape, o número único identificativo (NUI) e o prazo máximo establecido para a realización da operación.

d) Anticipar mediante desconto en factura a axuda do Igape e reflectir nas facturas dos bens obxecto de subvención os descontos requiridos por esta normativa, que deben detallar, polo menos, un desconto do 7% correspondente á axuda do Igape e un desconto do 8% correspondente ao desconto conxunto vendedor/fabricante, ambos os dous aplicados sobre o prezo dos bens, antes de impostos.

e) Recibir e custodiar durante o prazo de catro anos desde a finalización dos expedientes a documentación correspondente ás operacións realizadas, da que remitirán copia dixitalizada ao Igape para proceder ao cobramento das axudas, segundo o previsto no artigo 10º das bases reguladoras da axuda.

f) En particular, e segundo o previsto no artigo 11 das bases reguladoras, remitirán copia dixitalizada das correspondentes facturas, con detalle dos bens adquiridos e identificación do fabricante de cada un deles, nas que consten os distintos descontos efectuados incluída a subvención do Igape, así como copia dixitalizada dos DNI dos beneficiarios das operacións, para os efectos de xustificación da subvención.

g) Deixar clara constancia nos seus rexistros contables das operacións de venda subvencionadas así como dos importes aboados polo Igape, de acordo co establecido no artigo 13.2º j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Darlle publicidade á iniciativa mediante a colocación de carteis indicativos e visibles nos establecementos, onde consten con notoriedade os logotipos da Consellería de Economía e Industria e do Igape.

i) Demandar a solicitude de adhesión dos fabricantes dispostos a participar no programa, remitila telematicamente ao Igape e rexistrala.

j) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) A entidade colaboradora adherida a este convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.2. O Igape obrígase a aboar por cada operación aprobada e debidamente xustificada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras da axuda, ao beneficiario, a través da entidade colaboradora, o importe da axuda que corresponda segundo as bases da convocatoria.

Cláusula 5ª.-Control.

Tanto as entidades colaboradoras adheridas, como os beneficiarios das operacións de compravenda de mobles para o fogar ou colchóns, quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe o Igape ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións acollidas a este convenio.

Cláusula 6ª.-Publicidade dos datos.

6.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro deste convenio e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades colaboradoras para os efectos da aprobación da operación, e a referida publicidade.

6.2. De acordo co artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es, nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación no citado medio.

Cláusula 7ª.-Procedementos internos para a tramitación de operacións.

7.1. As partes adheridas ao convenio comprométese a seguir as normas de procedemento interno, necesarias para asegurar a maior axilidade na tramitación das operacións, dentro do respecto á legalidade e á súa normativa propia.

7.2. A vía telemática será obrigatoria para a interacción entre as entidades. Esta vía concrétese na oficina virtual do Igape existente no enderezo <http://tramita.igape.es>. En todo caso, estarase ao establecido nas normas de procedemento interno para a tramitación de operacións que se asinen entre as partes.

7.3. O Igape reserva para si a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da oficina virtual, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio.

Cláusula 8ª.-Denuncia do convenio.

Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das súas cláusulas, logo de denuncia da outra cun mínimo de 30 días de aviso previo. A resolución suporá en todo caso deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa legalmente contraídas polas dúas partes.

Cláusula 9ª.-Seguimento do convenio.

O seguimento do convenio realizarase a través dunha comisión de vixilancia e seguimento, integrada polas entidades colaboradoras e representantes do Igape.

Cláusula 10ª.-Publicidade.

10.1. As entidades colaboradoras adheridas comprométese a mostrar, nos seus distintos establecementos de venda, a publicidade facilitada polo Igape e a colaborar na correcta difusión desta liña de axudas.

10.2. Co obxecto de lograr maior coordinación, os proxectos e campañas publicitarias que, se é o caso, realicen as entidades colaboradoras sobre este convenio, deberán comunicarse previamente ao Igape.

Cláusula 11ª.-Natureza.

Este convenio ten natureza xurídico administrativa corresponde ao director xeral do Igape a interpretación do seu contido.

Cláusula 12ª.-Bases reguladoras das axudas.

No *Diario Oficial de Galicia* publicaranse as bases reguladoras da concesión polo Igape das axudas ao abeiro deste convenio, nas que se establecerán as condicións das axudas, a súa contía, o prazo e os modelos de solicitude e o procedemento de tramitación e a dotación orzamentaria. As ditas bases reguladoras aprobadas polo Consello de Dirección do Igape, xúntanse como anexo a este convenio.

Cláusula 13ª.-Adhesión de entidades colaboradoras ao convenio.

Os establecementos de venda de mobles de madeira para o fogar ou colchóns, localizados en Galicia e pertencentes a unha pequena ou mediana empresa, incluídos os traballadores autónomos, que non incumpran ningún dos supostos previstos no punto anterior, poderán converterse en entidades colaboradoras do Igape polo seguinte procedemento:

a) O representante legal da entidade deberá cubrir o formulario destinado para tal fin (procedemento IG182) no enderezo www.tramita.igape.es no espazo denominado Formalización de cuestionarios. Nesta

aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telematicamente e asinar electronicamente as solicitudes de axuda. Para poder realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificadoras das admitidas pola Consellería de Facenda (consultar en www.tramita.igape.es).

b) Deberá presentar en algunha oficina de rexistro do Igape a solicitude xerada pola aplicación antedita (anexo I das bases reguladoras) incluíndo un código IDE de 40 díxitos que a identificará. Neste caso non estará habilitado o Rexistro Telemático da Xunta.

c) A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

a. No caso de sociedades:

i. Copia da escritura de constitución e estatutos, se é o caso, e das posteriores modificacións.

ii. Copia do poder de representación.

b. Orixinal do certificado de conta bancaria en que se realizarán os ingresos do Igape para a entidade.

c. Todas as copias dos documentos referidos nos parágrafos precedentes achegaranse debidamente cotexadas.

d) A remisión da solicitude comportaralle a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria (certificación de estar ao día de débedas tributarias e certificación de actividades económicas), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlles requiridos ao interesado. A remisión da solicitude tamén autoriza ao órgano xestor para acceder ao sistema de verificación de datos de identidade e residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

e) O Igape aceptará as solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos.

O Igape publicará na súa páxina web www.igape.es/remoblade a relación actualizada en todo momento dos establecementos de venda colaboradores para a xestión deste programa.

Cláusula 14ª.-*Vixencia.*

Este convenio entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro do ano 2010 no que respecta aos seus termos económicos, sen prexuízo das prórrogas que, se é o caso, así se pactasen por

acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

Cláusula 15ª.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Santiago de Compostela, ... de... de 2010.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 5 de outubro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por María Fe Rodríguez Álvarez.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número dous de Ourense tramítase o recurso 312/2010 (procedemento abreviado), de María Fe Rodríguez Álvarez, contra a desestimación do recurso de alzada interposto contra a Resolución do 5 de marzo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes definitivas de persoas aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en diversas categorías sanitarias e de xestión e servizos, correspondentes ao proceso de incorporación de novos méritos e selección de novas persoas aspirantes, formalizado pola Resolución do 1 de abril de 2009 do citado centro directivo (categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, ámbito de Ourense).

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do